

PROXECTO  
LINGÜÍSTICO DE  
CEIP DE AGOLADA

2019/2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 14/10/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 15/10/2019

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 5/12/2019

# ÍNDICE

1. <u>Introdución</u> .....	<u>3</u>
2. <u>Marco legal</u> .....	<u>3</u>
3. <u>Contexto sociolingüístico e socioeconómico do centro</u> .....	<u>5</u>
3.1. <u>Localización do centro</u> .....	<u>5</u>
3.2. <u>Situación sociolingüística</u> .....	<u>6</u>
3.3. <u>Situación do profesorado</u> .....	<u>8</u>
3.4. <u>Situación do alumnado</u> .....	<u>8</u>
3.5. <u>Situación lingüística do centro</u> .....	<u>8</u>
3.5.1. <u>Educación infantil</u> .....	<u>10</u>
3.5.2. <u>Educación primaria</u> .....	<u>11</u>
4. <u>Obxectivos</u> .....	<u>11</u>
5. <u>Actividades</u> .....	<u>13</u>
6. <u>Recursos humanos e materiais</u> .....	<u>15</u>
6.1. <u>Humanos</u> .....	<u>15</u>
6.2. <u>Materiais</u> .....	<u>15</u>
7. <u>Distribución lingüística curricular</u> .....	<u>16</u>
7.1. <u>Educación Infantil</u> .....	<u>16</u>
7.2. <u>Educación Primaria</u> .....	<u>18</u>
8. <u>Linguas que se deben usar nos documentos curriculares (programacións)</u> .....	<u>20</u>
9. <u>Tratamento integrado das linguas (TIL)</u> .....	<u>20</u>
9.1. <u>Medidas tendentes á impartición do currículo integrado das linguas</u> .....	<u>21</u>
9.2. <u>Implicacións metodolóxicas</u> .....	<u>23</u>

9.3. <u>Tratamento específico da lingua inglesa.....</u>	<u>24</u>
9.4. <u>Aprendizaxe da lingua nas ANL (áreas non lingüísticas) ....</u>	<u>25</u>
9.5. <u>Contidos de lingua que se poden traballar nas ANL .....</u>	<u>26</u>
9.6. <u>Consideracións sobre a Biblioteca Escolar .....</u>	<u>27</u>
10. <u>Medidas de apoio e reforzo para o correcto uso lingüístico e para o alumnado con insuficiente dominio nas linguas</u>	<u>26</u>
11. <u>Competencias do equipo de dinamización da lingua galega (E.D.L.G.) .....</u>	<u>30</u>
12. <u>Avaliación .....</u>	<u>32</u>

## 1. INTRODUCCIÓN

O proxecto lingüístico no noso centro educativo CEIP de Agolada xorde cara a planificación lingüística que como centro educativo imos tentar percorrer para acadar os obxectivos que a lexislación vixente marca dende o desenvolto en primeiro momento na Constitución, no Estatuto de Autonomía, concretándose coa Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, e co Plan Xeral de Normalización Lingüística. Todas estas leis, desenvoltas actualmente co Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Neste curso 2019-2020 elaboramos este documento denominado no Decreto 79/2010 do 20 de maio, **Proxecto Lingüístico de Centro** cunha duración de catro anos e que enviamos a continuación á Inspección Educativa.

Este Proxecto Lingüístico forma parte do Proxecto Educativo do noso Centro. Foi redactado por una comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na composición desta comisión tivo especial relevancia o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Este Proxecto Lingüístico do Centro foi aprobado e avaliado polo Consello Escolar do Centro Educativo. Asemade trátase de fomentar as dúas linguas oficiais de Galicia entre o alumnado para que acaden a competencia lingüística.

Para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o Decreto 130/2007.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

### 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO E SOCIOECONÓMICO DO CENTRO.

#### 3.1. LOCALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP de Agolada atópase na localidade de Agolada capital do Concello de Agolada que está situado no centro xeográfico. Está nunha zona eminentemente rural. A poboación dedícase ao sector primario e aos servizos.

O centro recibe alumnado do concello de Agolada. Está adscrito ao IES Laxeiro de Lalín, centro ao que se incorpora o alumnado que remata a Educación Primaria para seguir estudos de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

O CEIP de Agolada está situado na Avenida do Iryda no lugar de Agolada, parroquia de Ferreiroa, no Concello de Agolada, nel impártense ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Na actualidade están matriculados 64 alumnos: 21 de Educación Infantil e 43 de Educación Primaria.

O Claustro está formado por 7 profesores/as, así mesmo conta cunha orientadora e unha profesora de Pedagogía Terapéutica a tempo completo.

Na actualidade están en funcionamento as seguintes unidades:

- 2 Unidades de Educación Infantil.
- 3 Unidades de Educación Primaria:
  - 1º e 2º cursos de Educación Primaria.
  - 3º e 4º cursos de Educación Primaria.
  - 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

### 3.2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Agolada está situada no centro xeográfico da nosa comunidade, no extremo Nordeste da provincia de Pontevedra. Pertence xunto con Lalín, Rodeiro, Dozón, Silleda e Vila de Cruces á Comarca do Deza.

Agolada limita ao Norte co Río Ulla, ao Sur con Rodeiro e Lalín, ao Leste con Antas de Ulla (Lugo), e ao Oeste coas terras de Vila de Cruces.

Ten una poboación de 2651 habitantes segundo o padrón de 2014 que viven distribuídos nas vinte e catro parroquias do Concello. É una zona eminentemente agrícola e gandeira aínda que o sector servizos e a industria téxtil acaparan cada vez máis traballadores e traballadoras. Ten una poboación avellentada cun índice de natalidade moi baixo. Presenta un índice de inmigración moi baixo tamén. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo.

Só una pequena parte do alumnado vive na vila, a meirande parte acude en autobús das 24 parroquias do Concello: Agra , Artoño , Baíña , Basadre, Berredo , Borraxeiros , Brántega , Brocos , Carmoega , Eidián , Esperante , Ferreiroa , Gurgueiro , Merlín , Órrea , Ramil , San paio de Bais , Santa Comba , Sesto , Sexo , Trabancas , Val de Sangorza , Ventosa e Vilariño.

O Centro está adscrito ao IES Laxeiro de Lalín, centro ao que se incorpora o alumnado que remata 6º de Primaria para seguir estudos de ESO, Bacharelato ou Ciclos Formativos.

O CEIP de Agolada está situado no suroeste da vila de Agolada. Nel



impártense ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria distribuídas en dúas unidades de Educación Infantil e tres de Educación Primaria.

No Centro están matriculados 63 alumnos/as: 21 de Educación Infantil e 42 de Primaria.

O Colexio foi construído no ano 1972 pero sufriu una profunda remodelación no curso 1996 co fin de adaptalo á normativa vixente e dotalo de ascensor para mellorar a accesibilidade.

Para determinar a situación sociolingüística do CEIP de Agolada analizamos os seguintes criterios:

- Datos aportados polo profesorado mediante as entrevistas persoais cos pais e as nais.
- Observación do alumnado, tanto nas aulas como no patio.
- Enquisas realizadas a pais/nais, alumnos/as e o profesorado co fin de actualizar os datos da comunidade educativa.

Despois de analizar estes datos observouse que a maioría do alumnado empregan habitualmente a lingua galega de xeito oral aínda que con maior grado de dificultade na escrita, sendo una tendencia maioritaria na poboación onde se asenta o noso centro.

En canto ás familias, en consonancia co dito anteriormente, existe un predominio no emprego do galego.

A actitude dos pais/nais cara á utilización do galego no ámbito educativo, consideran na gran maioría que a adquisición das dúas linguas enriquece e inflúe na maduración dos seus fillos/as.

Dicir tamén que a actitude dos pais e nais cara a normalización social do galego, en xeral, é favorable e ben dada por tres posturas, os que pensan que debería usarse máis a lingua galega, os que opinan que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua e os que din que é necesario o uso do galego establecido na lexislación.



### 3.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO

No noso claustro todos os docentes teñen una alta capacidade para empregar o galego na actividade docente e mostran ademais una boa disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización, co fin de mellorar a súa capacitación.

Por outra banda emprégase sempre o galego nas diversas reunión (Claustros, Consello Escolar, Reunións, Departamento de Orientación, etc).

De cara á utilización do galego no ámbito educativo, consideran que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua e que debería usarse máis en toda Galicia.

Por último dicir que a actitude do profesorado cara á normalización social do galego é totalmente positiva e consideran que a adquisición das dúas linguas enriquece, e que a lingua galega debe ser fomentada socialmente.

### 3.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO

A maioría do alumnado do noso centro ten como **lingua materna** o galego, a cal é habitualmente utilizada no seu ámbito familiar, con algunhas excepcións que veñen dadas, sobre todo, polas familias inmigrantes.

Tamén se constata que aínda que hai un predominio oral da lingua galega, en xeral utilizan indistintamente as dúas linguas na escrita e incluso que o castelán presenta menos dificultades para o traballo escrito.

Consideramos que debemos traballar para conseguir que adquiran un nivel de competencia equiparable nas dúas linguas e para iso temos que traballar moito para afianzar un uso o máis correcto e normativo posible do galego xa que cando teñen que utilizar o castelán, aínda que non o fan habitualmente fano dun xeito máis correcto.

### 3.5. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

As variables que analizamos neste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas actividades docentes. Podemos dicir:

- ✚ En canto á **organización do centro**, na actualidade e desde hai moitos anos emprégase o galego en toda a documentación administrativa e de xestión do Centro: actas de Claustro, Consello Escolar reunións de traballo, libros de rexistro, material de avaliación, correspondencia, circulares, Memoria de Centro, programacións e outros documentos da secretaría.
- ✚ As comunicación, páxina web do centro, avisos nos distintos taboleiros de novas e os rótulos das distintas dependencias escríbense sempre en galego.
- ✚ Promóvese tamén o galego en todas as actividades complementarias e conmemoracións que se celebran ao longo do curso.
- ✚ En canto ás **relación sociais dentro de comunidade educativa** emprégase o galego nas reunión de Claustro e de Consello Escolar, na relación entre os profesores/as, nas relación entre o Centro e as distintas institucións do contorno. Os alumnos/as comunícanse en galego entre eles e cos outros membros da comunidade educativa.
- ✚ Aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, DVD...), o centro continúa no PLAMBE o que supón un aumento no orzamento de biblioteca. Así mesmo, continuamos nos plans de Radio na Biblio, E-LBE2 e Biblioteca Solidaria.

De todo isto despréndese que o uso do galego está normalizado tanto a nivel oral como a nivel escrito e na lectura. En canto á escritura espontánea entre os alumnos/as destaca o predominio da comunicación segundo os usos da zona sobre o emprego normativizado da lingua galega ( ortografía, léxico...)

Partindo desta situación, e dado que a escola ten un papel fundamental como lugar para aprender a lingua, convén fixar as actividades encamiñadas a corrixir as eivas sobre todo ortográficas, fonéticas e de léxico e que favorezan o gusto pola lingua, para poder usala correctamente en todas as situación comunicativas.

Froito da reflexión e da análise da realidade lingüística do noso Centro tomamos as seguintes decisións nas distintas etapas:

### **3.5.1. Educación Infantil**

Atendendo á situación sociolingüística do medio no que está radicado o centro escolar e dos nosos alumnos/as en particular establecemos o galego como a lingua de aprendizaxe para estes primeiros anos da escolaridade. Tivemos en conta, á hora de tomar esta decisión, cun claro obxectivo normalizador, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e na convivencia, para, en todo caso, reforzar precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temprá idade. O que se pretende é acadar una competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na lexislación vixente.

En Agolada a lingua ambiental predominante é o galego, que é a lingua vehicular, calquera que sexa a lingua familiar dos nenos e nenas, que no noso caso é tamén o galego. En calquera caso, contempláranse programas de adaptación para aqueles grupos ou individuos que presenten algún tipo de dificultade para iniciar a súa escolaridade en galego, procurando una pronta integración no ensino galego normalizado.

Tanto o traballo por proxecto de ensino lectoescritor como o material de traballo trimestral está en galego.

O uso maioritario en E. Infantil é o galego, pero temos que procurar que os alumnos/as vaian adquirindo tamén unha maior competencia en castelán para o que seguiremos as seguintes liñas:

#### **Estratexias**

Resúmense seguidamente as estratexias e actividades para que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento das linguas oficiais. Neste caso están referidas á lingua castelá.

### **A nivel oral:**

- Introduciranse rutinas para que o alumnado se exprese tamén en lingua castelá: saúdos, presentacións, diálogos, días da semana, o tempo, etc.
- Potenciarase diariamente a competencia oral coa escoita e comentario de contos.
- Fomentarase que o alumnado exprese as súas vivencias tamén en castelá.
- Asistencia a representacións, títeres, contacontos e obradoiros.
- Presentación de vocabulario alusivo á aula, oficios, animais, medios de transporte, etc.

### **A nivel escrito:**

- Presentación daquelas letras que non existen no abecedario en galego.
- Preparación de fichas de traballo nas que as protagonistas serán esas letras.
- Introducir ditados e copias sinxelas en lingua castelá.
- Lectura de fichas con textos e oracións sinxelas en castelá

### **3.5.2. Educación Primaria**

Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas é, por tanto, un período fundamental para afianzar o galego e introducir progresivamente o castelán tanto na lectura como na escritura (contos, poemas...), establecendo as bases e estratexias para acadar a plena normalización do galego e para conseguir equiparar o nivel de competencia nos dous idiomas, un traballo que se deberá continuar ao longo dos seguintes anos para lograr dito obxectivo.

### **4. OBXECTIVOS:**

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas

- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicación que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos..
- Dotar ao centro dos materias curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros que promovan a lingua e a cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Dinamizar a lectura, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non coñeza suficiente a lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- Manter e promover relacións abertas co concello de Sarria e de O Incio, dos que recibimos alumnado, así como da ANPA.
- Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita das súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.

- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía, manifestacións culturais.
- Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar ás súas competencias lingüísticas.

## 5. ACTIVIDADES:

- Empregar a lingua galega en todos os documentos administrativos e pedagóxicos do centro, na correspondencia e avisos dirixidos ás familias do alumnado, ou calquera institución.
- Empregar o galego en carteis, letreiros, avisos, que se coloquen no colexio, así como na WEB do centro e en blogs.
- Realización de investigacións sobre a historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Coñecer os distintos produtos tradicionais galegos de cada estación.
- Visitar lugares de interese de Galicia.
- Promover o percorrido de diversos tramos do camiño de Santiago, próximo a zona do centro, observando os lugares de interese.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación vixente.
- Impulsar desde o centro certames de literarios de narracións, poesías....
- Continuar coa elaboración da revista do centro “O Reporteiro”.
- Continuar coa elaboración de material audiovisual dos distintos festivais e actividades que teñen lugar no centro.
- Continuar elaborando recursos didácticos que se colgarán na WEB para que poidan ser utilizados por outros centros.

- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todos os que teñen lugar en Sarria ou Lugo.
- Seguir potenciando a formación musical tradicional galega, continuando co grupo de gaiteros que temos no centro.
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios alumnos, dos seus pais ou avós...
- Ampliación de fondos da biblioteca, buscando material en galego atractivo para os alumnos, así como seguir ampliando en castelán, logo de ter observado que o centro dispón de moitos mais exemplares en galego que en castelán.
- Fomentar a lectura coa maleta viaxeira, co pasaporte lector.
- Realizar trípticos informativos ao inicio do curso escolar para informar ás familias dos aspectos mais salientables que vai ter o curso.
- Adquisición de dicionarios actualizados.
- Promover a visita dalgún escritor ou ilustrador de libros galegos.
- Celebración das festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.
- Realización de actividades en soporte informático para mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.
- Realización de unidades didácticas sobre o escritor ao que se lle adiquen as letras galegas con actividades que faciliten o coñecemento da súa obra e da súa biografía.
- Realización de actividades de investigación, lectura comprensiva, e un longo etc., relacionadas co autor.
- Realización de traballos plásticos sobre a vida e obra do autor.
- Elaboración de material multimedia para traballar a vida e obra do autor.

- Elaboración de murais, poesías e cantigas populares galegas para fomentar a transmisión delas
- Recuperación de xogos populares.
- Utilizar a biblioteca do centro como parte fundamental da dinamización lingüística.

## **6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:**

### **6.1. HUMANOS**

- Todo o profesorado do centro.
- Outros centros educativos da zona.
- ANPA
- Dirección Xeral de Política Lingüística.

### **6.2. MATERIAIS**

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, de consulta, con dous ordenadores con conexión a Internet.
- Bibliotecas de aula
- Aula de audiovisuais con televisión, vídeo, proxector..
- Nove ordenadores con pizarras interactivas con conexión a Internet.
- Aula de usos múltiples para representacións teatrais e actividades de gran grupo con pantalla e proxector e conexión a Internet.
- Ordenadores en todas das aulas con proxector e pantalla
- Aula de informática con 15 PC, doce robot mbot e impresora en 3D
- Fotocopiadora e plastificadora



- Material achegado por distintas institucións sobre a dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Taboleiro de anuncios.

## 7. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

Na nosa contorna galego falante o reto segue a ser que o alumnado consolide unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Considerando ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua castelá) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta principalmente na Educación Infantil.

### 7.1. Educación Infantil:

., Tal e como marca o **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia no seu artigo 5º para a **Educación Infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. (No noso centro a **lingua materna** predominante é **o galego**). Asemade, atenderase de xeito individualizado, tendo en conta a súa lingua materna.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha enquisa que se efectuará, no momento da matrícula aos pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a.

Segundo os cuestionarios que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos segue sendo predominantemente o galego a súa lingua materna, e a segunda lingua, o castelán, será introducida paulatinamente con actividades tipo como as seguintes:

- **Actividades tipo para a introdución da lingua castelá**

### **Xogos interactivos**

Os típicos xogos de toda a vida, como “Aserrín aserrán”, “ Este fue a por leña”, nos que se combinan as rimas, os xestos e o neno ten que responder ou continuar unha frase.

### **Debuxos e fotos**

Ver e comentar cos nenos e nenas, debuxos e fotos de obxectos cotiáns para ampliar o vocabulario en lingua castelá, ademais das imaxes en foto, tamén mostraremos obxectos reais. Utilizamos tamén fotos de familiares e deles en diferentes etapas da súa vida.

### **Contos**

Utilizar contos adaptados á idade dos nenos/as, escoitalos, cando lelos eles mesmos, responder a preguntas sobre as ilustracións, etc.

É moi importante o papel da biblioteca para que leven libros para as casas en castelán e así implicamos ás familias que lle los lean.

### **Cancións e retahilas**

Aproveitar que aos nenos e nenas lles encanta escoitar cancións en retahilas con ritmos sinxelos, primeiro lembrando a sílaba final dunha palabra e xestos hasta repetir partes completas de cancións. Así ampliando o vocabulario en castelán.

### **Monicreques e Marionetas**

Aproveitar actividades de teatro, dado que lles son moi interesantes como forma de comunicarse, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Ir introducindo o castelán nas dramatizacións así como en diversos xogos de rol.

### **Exercicios logopédicos.**

Para desenvolver unha boa linguaxe oral, é fundamental que o neno faga exercicios de articulación e pronunciación.

- **Actividades tipo para a introducción da lingua inglesa**

Flashcards

Songs and chants

Vídeos

Xogos cooperativos

## 7.2. Educación Primaria

No seu artigo 6º para a **Educación Primaria**, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais e naturais e en castelán a materia de Matemáticas.

Asemade, o noso centro garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma hora de porcentaxe de horas semanas, quedando impartidas da seguinte forma, as resaltadas impártense en lingua galega e as outras en castelán:

Asemade, o noso centro garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas, quedando impartidas da seguinte forma:

- Materias en **Lingua Galega**:
  - a. Lingua galega e literatura.
  - b. Ciencias da Natureza.
  - c. Ciencias Sociais.
  - d. Educación Musical.
  - e. Relixión Católica / Valores Sociais e Cívicos.

f. Materia de libre configuración: Robótica 4º e 6º.

- Materias en **Lingua Castelá:**

- a. Lingua Castelá e literatura.
- b. Matemáticas
- c. Educación Física
- d. Educación Artística (agás en 1º e 5º)

- Materias en **Lingua Estranxeira:**

- a. Lingua estranxeira: Inglés

### CADRO RESUMO HORAS LINGUAS COOFICIAIS

ÁREA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	L GAL	L CAS	L GAL	L CAS	L GAL	L CAS	L GAL	L CAS	L GAL	L CAS	L GAL	L CAS
Ciencias da natureza	2		2		2		2		2		2	
Ciencias sociais	3		2		3		2		2		3	
Lingua castelá e literatura		4		4		4		4		4		3
Matemáticas		5		5		4		4		5		5
1ª lingua estranxeira												
Educación física		2		2		2		2		2		2
Relixión / valores sociais e cívicos	1		2		1		1		1		1	
Educación artística	1			1		1		1	1			1
Música	1		1		1		1		1		1	
Lingua galega e literatura	4		4		4		4		4		3	
Robótica							1				1	
<b>TOTAL HORAS SEMANAIS</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>

## **8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NOS DOCUMENTOS CURRICULARES (PROGRAMACIÓNS)**

Segundo o disposto no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

## **9. TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)**

### **9.1. Medidas tendentes á impartición do currículo integrado das linguas**

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Ed. Primaria na Comunidade de Galicia, no punto 9 do artigo 15, referido aos principios metodolóxicos, expresa: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas...”


O currículo integrado das linguas supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística, máis aló das linguas nas cales exprésese o individuo. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode permitir a comprensión noutra lingua, as estratexias de comprensión lectora desenvolvidas nunha lingua poden servir para outros idiomas así como o coñecemento de certas regras de cortesía verbal fan presupoñer que outra comunidade de falantes tamén terá as súas propias regras e pode ser importante coñecelas e respectalas.

Evidentemente, esta competencia global móstrase con distintos niveis de capacidade segundo as linguas, as situacións comunicativas e as actividades nas que estea implicada unha persoa.

Neste sentido, o currículo integrado das linguas baséase nunha idea fundamental: **as linguas son ferramentas para a comunicación e a súa aprendizaxe e ensino baséase na súa utilización para a comunicación.** Isto implica asumir que a actividade fundamental na aula é o desenvolvemento de actividades comunicativas de produción e recepción de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística de xeito decisivo. Fomentar a participación do alumnado en actividades comunicativas é a tarefa principal do profesorado en relación coas linguas.

Dentro deste marco pedagóxico de integrar o tratamento, coordinar e compartir obxectivos, contidos, avaliación e metodoloxía no traballo das linguas, pretendemos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- Dinamizar a planificación lingüística do centro.
- Guiar cara a un proceso de ensino-aprendizaxe de linguas baseado no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- Racionalizar e optimizar os recursos institucionais para o ensino das linguas.
- Mellorar a formación do profesorado no que respecta ao plurilingüísimo.
- Esta proposta do Tratamento Integrado das Linguas (TIL) configúrase a través de tres aspectos que interactúan simultaneamente:



O tratamento integrado das linguas esixe asumir os seguintes principios:

- Inclusión.
- Ensinanza baseada no uso.
- Enfoque comunicativo:
  - ✓ Traballar as linguas a través de procesos encamiñados á produción de textos orais e escritos con finalidade comunicativa. O traballo céntrase no uso da lingua. Non se estuda o código como tal senón que se parte das necesidades lingüísticas do alumnado e o que se pretende conseguir é que utilice a lingua de maneira eficaz tanto no rexistro oral como no escrito en distintos ámbitos de uso.

- ✓ A reflexión lingüística ( gramática...) debe estar ao servizo da mellora do uso da lingua.
- ✓ A lingua debe ser obxecto en si mesma. O obxecto de estudo son os usos reais dela: os textos, orais e escritos, e en contextos variados.
- ✓ Asegurar a presenza na aula da maior variedade textual posible, xa que isto garante o estudo de aspectos lingüísticos diversos. Os textos, clasificados coa axuda dunha tipoloxía textual apropiada e seleccionados atendendo á variedade de ámbitos de uso e de xéneros textuais, ao seu interese didáctico e a súa significatividade para o alumnado, convértese no eixo da ensinanza integrada das linguas.
- ✓ As actividades céntranse nos procesos comunicativos. O eixo de traballo é a comprensión e a produción de textos orais e escritos.
- ✓ A aula convértese nun espazo privilexiado de comunicación onde se favorece a participación eficaz do alumnado en prácticas comunicativas diversas.
- ✓ Repartir os contidos e tarefas entre as diferentes linguas.
- ✓ Desenvolvemento de actitudes positivas cara ás linguas.

## 9.2. Implicacións metodolóxicas

- Formulación unificada do tratamento de lectoescritura.
- Aplicación coherente dos materiais curriculares para evitar repeticións innecesarias.
- Aproveitamento da transferencia de aprendizaxes dunha lingua a outra.
- Unificación da metalinguaxe.
- Tratamento integrado dos contidos.
- Corrección proactiva dos fallos por transferencia negativa dunha lingua á outra.
- Diferenciación de tratamento das linguas L1, L2 e LE.
- Deseño de obxectivos lingüísticos nas áreas de contido non lingüístico.
- Consenso sobre o enfoque comunicativo nas tres linguas.
- Elección de materiais curriculares correspondentes nas linguas do currículo.



- En Educación Infantil, distribución dos usos lingüísticos entre as diferentes linguas.
- Traballar actividades receptivas (comprensión) previamente ás produtivas (expresión). As habilidades de escoitar e de ler serán anteriores ás de falar e as de escribir.
- Utilizar recursos diferentes para cada lingua. Cancións, contos, imaxes...serán diferentes en cada un dos idiomas.
- Fomentar a participación activa do alumnado nas actividades lingüísticas desde o primeiro momento.
- Diseñar actividades motivadoras a partir dos recursos que ofrece a biblioteca escolar.
- Favorecer as interaccións entre o alumnado e entre alumno/a e o profesor/a, de forma que se produzan intercambios verbais na lingua que se aprende.
- Facer uso das posibilidades e recursos TIC.

### 9.3. Tratamento específico da lingua inglesa.

O ideal é unha incorporación temperá do ensino da lingua estranxeira como medio de comunicación. A aprendizaxe ten que ser motivadora para xerar unha actitude positiva cara á lingua, aos seus falantes e á súa cultura.

Procurarase que os contidos que se traballen teñan o grao de esixencia cognitiva e de contextualización necesarios para ser adquiridos a partir da competencia parcial que teñen os alumnos/as.

Algunhas claves:

- No tempo destinado ao inglés, comunicarse sempre en inglés. (Os apoios en L1 / L2 irán diminuíndo co nivel de competencia do alumnado).
- Crear contextos nos que a lingua se use significativamente. (Con contextos significativos, información extralingüística e oportunidades de dialogar, crearemos as condicións para que os nenos e nenas utilicen de xeito significativo a lingua que

descoñecen e que están aprendendo. Na Educación Infantil, as rutinas xogan un papel esencial na aprendizaxe por diversas razóns, especialmente porque dan seguridade e crean situacións predecibles que poden anticipar).

- Garantir a comprensión, asegurando o coñecemento por parte do alumnado da situación de comunicación.
- Elaborar propostas de actividades motivadoras, que manteñan a atención para que o alumnado se implique emocionalmente na aprendizaxe.
- Facer uso das posibilidades que ofrecen as TIC.
- Dotar a biblioteca do centro dos recursos necesarios, motivadores e axeitados aos niveis do alumnado.

#### **9.4. Aprendizaxe da lingua nas ANL (Áreas Non Lingüísticas)**

A aprendizaxe lingüística dos alumnos é competencia de todas as áreas dado que a lingua é o instrumento común a través do que se vehiculan os seus contidos. Algúns elementos a considerar son:

- Principais obxectivos lingüísticos das ANL.
- Principais contidos que se poden traballar nas ANL. (Entre as que destacan as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita).
- Nivel de lingua utilizado polo profesorado.
- Actividades que favorezan o desenvolvemento da competencia lingüística nas ANL.
- Criterios de avaliación que se han de introducir nas ANL que contemplan aspectos lingüísticos.

## 9.5. Contidos de lingua que se poden traballar nas ANL

<b>Xéneros de texto.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Orais:</b> debate, exposición na aula desenvolvendo un tema, posta en común.....</li> <li>• <b>Escritos:</b> traballo monográfico, unidade, mural.....</li> </ul>
<b>Tipos de discurso</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala colaborativa, narración de feitos históricos, descrición de obxectos, seres, explicación dun fenómeno....</li> </ul>
<b>Habilidades de lectura e escritura</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>De lectura:</b> identificar o tema, as ideas principais e os detalles, utilizar os coñecementos sobre os xéneros e tipos de texto para comprender, diferenciar feitos e opinións, integrar a información de soporte visual co texto verbal....</li> <li>• <b>De escritura:</b> planificar, documentarse, elaborar un borrador e revisalo, desenvolver as ideas principais e contidos de acordo co propósito e o destinatario, organizar o texto, incorporar aos textos información doutros....</li> </ul>
<b>Habilidades cognitivolingüísticas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Demostrar, explicar, xustificar, resumir....</b></li> </ul>
<b>Linguaxe</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aspectos léxicos, gramaticais e ortográficos propios da linguaxe das áreas.</li> </ul>
<b>Outras linguaxes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gráficos, mapas, diagramas, planos, debuxos, animación, música</li> </ul>
<b>Procesamento da información</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estratexias: localizar información, selecciónala, valorala, organizala, reelaborala e comunicala.</li> </ul>
<b>Técnicas de traballo e estudo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tomar nota, facer esquemas e mapas conceptuais, preguntas, pedir Aclaracións, participar no traballo de grupo, preparar un debate...</li> </ul>

## 9.6. Consideracións sobre a biblioteca escolar

A Biblioteca Escolar do centro representa un recurso educativo para todo o alumnado, profesorado e familias.

Plantéxase, como un espazo educativo integrado aberto a toda a Comunidade educativa.

Obxectivos:

- Mellorar a competencia lectora do alumnado, a través da adquisición de estratexias de comprensión e o interese pola lectura.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- Promover actividades de acceso á lingua oral e escrita que estimulen a participación e fomenten a creatividade.
- Favorecer a normalización e integración do alumnado con capacidades diversas.
- Promover a implicación das familias.

## 10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO NAS LINGUAS.

O presente apartado abrangue todas aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro en detectar as necesidades será o mestre titor na avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración das

necesidades así o precise, recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de Outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas oportunas, tanto de apoio na aula ordinaria por partes dos mestres con horario dispoñible, como polo mestre de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe (se o houbera), se fose preciso.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua , previa valoración individualizada de cada caso.

En canto ao alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais, por un lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo o cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

A maioría do noso alumnado é galego falante, o que fai que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estean inmersos nun contexto que favorece a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral.

A educación escolar ten que asegurar un equilibrio na necesaria comprensividade do currículo, en materia de linguas, para acoplarse á diversidade de alumnos. Para iso require unha flexibilidade que proporcione axudas pedagóxicas necesarias que mellor se axusten á diversidade.

Os procesos de aprendizaxe das linguas non deben ser uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno/a ten o seu ritmo, as súas capacidades e os seus intereses.

Propoñemos unha serie de medidas concretas que posibilitan unha atención educativa global e integradoras para os alumnos que presentan necesidades educativas específicas no campo lingüístico:

### **Medidas relativas aos obxectivos e contidos**

- Priorizar obxectivos e contidos na aprendizaxe das linguas.
- Eliminar contidos secundarios.
- Secuenciar contidos.

### **Medidas nos procedementos didácticos e nas actividades.**

- Diseñar actividades curtas
- Adaptar materias
- Intentar que o alumnado vexa a utilidade das linguas.
- Reducir o nivel de abstracción das actividades: adaptar textos.
- Traballar as linguas de xeito oral e escrito de maneira simultáneas.
- Traballar a pronunciación e a comprensión de textos escritos nas tres linguas.

### **Medidas grupais**

- Traballo en pequeno grupo
- Tutorización por un compañeiro/a da aula.
- Traballo individualizado profesor/alumno

### **Organización do tempo**

- Establecemento de tempos para a coordinación vertical e horizontal do profesorado.
- Distribución do tempo entre os distintos profesionais de apoio que interveñen directamente co alumno/a que o necesita

É importante elaborar programas de reforzo para a aprendizaxe da lingua galega, a lingua castelá e a inglesa, que serían do tipo dos que seguen:

- Programas de reforzo da memoria verbal significativa, destinados aos alumnos/as con necesidades educativas específicas, que por problemas no seu desenvolvemento non maduraron dabondo. Fai referencia á capacidade de establecer relacións lóxicas, causais e temporais.
- Programas de recuperación da estrutura sintáctica e que representan o modo no que o falante organiza a súa linguaxe.
- Programas de reforzo da estruturación morfosintáctica.
- Programas de reforzo para o desenvolvemento da competencia semántica, partindo das experiencias e vivencias do alumnado, adaptando os contidos dos textos ó pensamento e á linguaxe dos nenos.
- Programas de reeducación de execución semántica, van destinados a aqueles alumnos que presentan unha falta de vocabulario en calquera das linguas, ademais de pouca fluidez verbal e un uso de expresións incorrectas ao falar.
- Programas de reeducación na articulación dos fonemas, dos sinfóns, tartamudez, dislalias....
- Programas de orientación ás técnicas da linguaxe oral: diálogo, descrición, narración, dramatización....

As profesoras e profesores das distintas áreas e niveis, farán unha observación directa do uso do galego en todas as actividades: docentes, biblioteca, actividades extraescolares...

## **11. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (E.D.L.G)**

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a concreción dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro (P.E.C.)
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos: Medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do Centro e proxectos tendentes a lograr una valoración

positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

- Propoñerlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, folclore, etc...no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

Atendendo ás competencias do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de acordo co artigo 14 do Decreto 79/2010 establécense una serie de obxectivos xerais e as liñas de actuación.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (E.D.L.G.) réunese una vez cada mes (1º martes) para poder levar a cabo os seus principais obxectivos:

- **Fomentar o uso da lingua propia de Galicia**, tanto a nivel oral como a nivel escrito; da transmisión e do coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.
- **Proporcionar aos membros da comunidade información** sobre actividades, actos e institucións culturais relacionados coa realidade lingüística e participación nas mesmas.
- **Informar ao profesorado** de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas.
- **Realización de actividades en soporte informático** para mellorar as competencias lingüísticas da comunidade educativa.
- **Dinamizar a lectura**, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.



## LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.
- Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade autónoma.
- Celebración das festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.
- Manter a docencia en galego nas áreas de Lingua e Literatura galega, Coñecemento do Medio Social, Natural e Cultural, Educación Artística.
- Propiciar hábitos de lectura na biblioteca de aula e de centro.
- Colaborar coas diferentes Coordinacións e equipos do centro: Equipo de AACCEE, Plan lector, Biblioteca, TIC.

## 12. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tomen expoñeranse no Consello Escolar, quen aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais/nais, tutores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición da lingua dalgunha materia, informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.